



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA



CONCELLO DE ARES

**Protocolo 2/2023**

A estos efectos o Concello de Ares comunicará á Deputación con 10 días de antelación, a fecha e hora da recepción das obras .

O Concello de Ares recibirá as obras e, como titular das mesmas, asumirá a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de dez anos desde o pagamento final ao adxudicatario.

#### **DECIMOTERCEIRA.- COMISION DE SEGUIMENTO**

A fin de coordinar as actuacións derivadas do presente protocolo poderá constituirse unha comisión de seguimento integrada por dous integrantes de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

#### **DECIMOCUARTA.- EFICACIA**

A eficacia do presente protocolo queda condicionada á aprobación do correspondente convenio polos órganos competentes das entidades asinantes e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

En todo caso o prazo máximo de vixencia do presente Protocolo será **dun ano**, a contar desde a súa sinatura.

Aínda que é firme a vontade de materializar o presente protocolo, ambas as partes renuncian a calquera reclamación ou solicitude de indemnización, se non se producise a aprobación e formalización do convenio de cooperación ou calquera dos compromisos de achega que se recollen no presente documento.

Así o din e asinan, por duplicado exemplar, no lugar e data antes indicados

**O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA**

**Valentín González Formoso**

**O ALCALDE-PRESIDENTE  
DO CONCELLO DE ARES**

**Julio Ignacio Iglesias  
Redondo**

### **PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA ARTICULAR A FINANCIACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA)"**

En Ares, a vinte un de marzo de 2023,

#### **REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso

E doutra parte D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, alcalde do Concello de Ares

Os comparecentes interveñen en uso das súas facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

O Concello de Ares ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento. É preciso facer referencia tamén a Lei 1/2022 de 12 xullo, de mellora da xestión integral da auga.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 36, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG) no seu artigo 109, establecen como competencias propias das Deputacións Provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios integrantes das mesmas.

No exercicio de tales competencias de asistencia económica ao Concello de Ares, a Deputación Provincial da Coruña está disposta a cofinanciar a actuación obxecto deste protocolo.

A actuación no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

O sistema de abastecemento do concello de Ares presenta unhas condicións deficitarias e non garante o subministro á poboación, sobre todo en época estival, debido principalmente á insuficiente presión debido tamén ao incremento da poboación nestas datas.

As actuacións proxectadas pretenden a mellora do sistema de abastecemento de Ares, concretamente das súas infraestruturas garantido a calidade da auga potable, presións de subministro mínimas e adecuadas e continuidade do servizo.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente **PROTOCOLO DE INTENCIONS** conforme ás seguintes cláusulas:

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

É obxecto deste protocolo establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares para a realización das obras consistentes na “Mellora do sistema de abastecemento de Ares. (A Coruña)”.

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

O custo total das obras dentro da actuación contemplada neste protocolo ascende a catro millóns douscentos oitenta mil euros (**4.280.000,00 €**) distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

- A Deputación Provincial da Coruña financiará un 40% que ascende a 1.712.000,00 €
- O Concello de Ares financiará un 20% que ascende a 856.000,00 €
- O Concello de Ares comprométese a subscribir os correspondentes convenios coa Xunta de Galicia ou outros entes cofinanciadores nos termos que se fixen nos respectivos convenios.

O custo da presente actuación se distribuirá do seguinte xeito entre as partes asinantes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente:

	<b>Deputación Provincial da Coruña</b>	<b>Concello de Ares</b>
<b>2023</b>	600.000,00	285.333,33
<b>2024</b>	600.000,00	285.333,33
<b>2025</b>	512.000,00	285.333,34
	1.712.000,00	856.000,00

### **TERCEIRA.- DISPOÑIBILIDADE DE TERREOS**

No suposto de que a contratación non a efectúe o Concello de Ares, asegurará a efectiva posta a disposición da Xunta de Galicia ou entidade contratante antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras, así como a reposición de servizos e servidumes.

Se os terreos non foran propiedade do Concello, tramitará o correspondente procedemento de adquisición ou de expropiación forzosa. Neste último suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

### **CUARTA.- PERMISOS E LICENZAS**

O Concello de Ares asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao

ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumirá a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

### **QUINTA.- PROXECTO DE OBRAS**

Existe un proxecto das obras obxecto de financiamento redactado pola entidade Augas de Galicia.

### **SEXTA.- INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO**

O Concello de Ares someterá o proxecto das obras a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitirá unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas.

### **SÉTIMA.- CONFORMIDADE DO PROXECTO**

A Deputación da Coruña e o Concello de Ares prestarán con carácter previo á licitación das obras conformidade co proxecto redactado por Augas de Galicia .

### **OCTAVA.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS**

A Deputación da Coruña non contratará a execución das obras, correspondendo ao Concello de Ares determinar se as citadas obras serán contratadas polo citado concello ou por outro ente financiador.

### **NOVENA.- DIRECCIÓN DAS OBRAS**

As actuacións consistentes na dirección das obras as levará a cabo a entidade que asuma a contratación das mesmas.

### **DÉCIMA.- COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE**

As labores de coordinación de seguridade e saúde e control de calidade das obras as levará a cabo a entidade que asuma a contratación das mesmas.

### **UNDÉCIMA.- REFORMADOS E LIQUIDACIONS FINAIS**

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas polo órgano de contratación do ente contratante, previa conformidade das outras partes

### **DUODÉCIMA.- RECEPCIÓN DAS OBRAS**

O Concello de Ares, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello.

A Deputación da Coruña e o Concello de Ares poderán designar un técnico en representación das institucións para acudir á recepción das obras, se así o consideran oportuno.